

# Engadir unha "conversa"

Unha conversa é un "chat" no que poder facer comentarios "en tempo real". Estes comentarios non quedan almacenados cando se sae da mesma.

- Escollemos "conversa" entre as actividades
- Indica un nome para a conversa.
- Indica unha descrición
- Preme "gardar e volver á materia" ou "gardar e mostrar"

# • Engadir unha "proba"


Unha proba permite amosar ó alumno/a unha serie de preguntas (de diferentes tipos coas respectivas respostas para escoller, coas que pode interactuar. Recibirá unha reposta e cualificación cos seus resultados, que o docente poderá ver en calquera momento.

É moi recomendable ter as preguntas previamente no "banco de preguntas", para poder escoller cales quereamos introducir na proba.

Tal vez che interese botar unha ollada ó H5P (ver manual específico), posto que permite facer o mesmo dun modo máis atractivo e con moitas máis opcións.

Unha proba (ou cuestionario) non é máis que o contenedor onde iremos metendo as diferentes preguntas (que previamente teñamos no banco de preguntas). Por se mesmo, unha vez creada, unha proba non ten ningunha funcionalidade, posto que estará "agardando" a que a enchamos de "preguntas".

- Escollemos "proba"
- Indicamos un nome para o proba e unha descrición (opcional)
- En sincronización podemos indicar cando (en que data) se abrirá e/ou pechará se así o necesitamos.
- En deseño podemos decidir se as respostas aparecen sempre na orde que indiquemos ou as "baralle aleatoriamente cada vez"
- En comportamento da pregunta tamén podemos indicar se queremos que se barallen aleatoriamente en cada vez.
- Prememos GARDAR
- Podemos cambiar estas características do proba en calquera momento usando a opción "editar a configuración", como sempre premendo en "editar ó lado da proba"



- Para engadir ou eliminar preguntas á proba desde o banco de preguntas, en calquera momento, deberemos escoller o proba, e no menú administración elixir a opción "editar o proba"
- Desde esta mesma opción (editar proba) poderás tamén ordenar as preguntas que que teñas, paxinalas...


# Probas: O banco de preguntas: crear e modificar preguntas

- O banco de preguntas é lugar no que quedan almacenadas tódalas preguntas que creamos, que logo poderemos usar dentro das diferentes probas que deseñemos. Existe un banco de preguntas diferente para cada un dos cursos que creamos \*

Lembra que podes organizar “categorías” dentro do banco de preguntas, para cada materia, por se queres organizalas para logo buscalas.

- Non confundas o banco de preguntas (que usa nas probas) co banco de contidos (que e emprega nas actividades H5P)

Pulsamos no “engranaxe do curso” > “mais” e alí a poderemos escoller “banco de preguntas”.



Atoparemos estas opcións dentro do banco.

- Dentro do banco de preguntas podemos levar a cabo as seguintes accións:
  - A: Escoller unha categoría (se as temos creadas)
  - B: Crear unha pregunta (engadila ó banco)
  - C: Editar a pregunta.
  - D: Ver a pregunta (tal como a verá o alumno no proba. Podes probar aquí se funciona)
  - E: Duplicar a pregunta.
  - F: Borrar a pregunta do banco.

## Banco da pregunta

Seleccionar unha categoría: Predeterminado/a para: probas\_oscar (2) **A**

A categoría predeterminada para preguntas compartidas no contexto «probas\_oscar».









Amosar o texto da pregunta na lista de preguntas

Opcións de busca ▼

Amosar tamén preguntas de subcategorías

Amosar tamén as preguntas antigas

Crear unha nova pregunta ... **B**

<input type="checkbox"/>	T Pregunta	C E D F	Creada por Nome / Apellido / Data	Última modificación de Nome / Apellido / Data
<input type="checkbox"/>	sfasdf	   	Óscar Abilleira Muniz 17 de Setembro do 2020, 21:39	Óscar Abilleira Muniz 17 de Setembro do 2020, 21:39
<input type="checkbox"/>	•• Pregunta verdadeiro falso	   	Óscar Abilleira Muniz 17 de Setembro do 2020, 21:38	Óscar Abilleira Muniz 17 de Setembro do 2020, 21:38

Co seleccionado:

Eliminar

Mover a >>

Predeterminado/a para: probas\_oscar (2) ▼

Dentro do menú, antes indicado, atoparemos tamén unha opción para crear as categorías de preguntas, se é que as precisamos para organizalas.

### B: ENGADIR NOVAS PREGUNTAS:

Os tipos de preguntas que podes engadir, cando pomes o botón “engadir pregunta” son os seguintes:

2. **Calculadas:** Permite crear problemas a partir dunha fórmula, ofrecendo diferentes valores cada vez que se amosa.

3. **Emparellamento:**

4. Emparellamento aleatorio:

5. Ensaio:


6. Numérica:

7. Opción múltiple:

8. Resposta curta:

9. **Respostas aniñadas (Cloze):**

Unha pregunta que contén outras preguntas no seu interior




## 10. Verdadeiro/Falso:

11. **Descrición:** unha etiqueta informativa (non interactiva)

**PODES ATOPAR UNHA EXPLICACIÓN DALGUNHAS NA GUÍA RÁPIDA DISPOÑIBLE PARA DESCARGAR.**

Todas as preguntas permiten indicar cal é a puntuación da resposta ou respostas e indicar uns "comentarios" que recibirá o alumno se a resposta e correcta ou non.

No caso das "Cloze" poden engadirse usando a icona coa interrogación "amarela" que aparece na caixa de texto, tamén dentro doutro tipo de preguntas.



O alumnado só pode utilizar estas preguntas cando se atopen "dentro dunha proba" que teñamos engadida dentro dalgún tema.


É posible tamén crear as preguntas directamente desde a propia proba (que serán tamén engadidas ó banco), pero resulta máis cómodo, e organizado cando se teñan decenas de preguntas, crear e organizar as preguntas primeiro no banco de preguntas, e logo usalas nas probas que consideremos.

\*Se ben existe un banco de preguntas único e diferente por curso, podemos exportar as preguntas dun banco para importalas noutro, tal como se explica nun apartado ó final deste documento

# Engadir preguntas a unha proba desde o banco de preguntas


- Cando creamos unha proba, esta aparece inicialmente baleira e temos que enchela de preguntas, ben creadas alí directamente ou engadíndoas desde o banco de preguntas (opción recomendada)
- Entramos na proba en cuestión, que estará inicialmente baleira

**Unha vez dentro da proba** buscaremos a opción en “editar a proba” (non confundir con editar configuración) premendo na engranaxe



- Escollemos a opción “engadir”, na seguinte pantalla.

## Edición da proba: proba test <sup>?</sup>



- E no menú que parece “engadir do banco” (Tamén podes creala “sobre a marcha” coa opción engadir unha pregunta)

## Edición da proba: proba test ?

Preguntas:0 | Esta proba está aberta

Cualificación máxima 10,00

Gardar

Repaxinar Select multiple items

+ Engadir unha pregunta ...

+ do banco de preguntas

+ Engadir unha pregunta aleatoria ...

- Tan só temos que escoller as que queremos engadir do banco á nosa proba.



Veremos aparecer as preguntas engadidas que podemos organizar en páxinas, movelas...

## Edición da proba: proba de proba ?

Preguntas:2 | Esta proba está aberta

Cualificación máxima 10,00

Gardar

Repaxinar Select multiple items

Total de puntuación: 2,00



- Tamén poderemos indicar puntuación máxima a proba (se resposta correctamente a tódalas preguntas)
- Tamén deberemos indicar a puntuación de cada pregunta, por lóxica deberían sumar o valor da cualificación máxima.
- Tamén poderemos eliminar a pregunta da proba (o cal NON implica borrarla do banco), coa icona da X sinalada, ou marcar para que as baralle de forma aleatoria en cada carga.
- Lembra premer GARDAR cando cambies a puntuación máxima.

# Ver resultados da proba deixados polo alumnado

Podes ver as respostas deixadas por cada alumno/a na proba, coñecendo a hora en que a respostou, número de intentos, erros...

- Para ver os resultados de cada alumno/a na proba, debes acceder ó apartado de cualificacións, buscar ó alumno, e ver que resultados tivo para "avalialo".
- Na parte 3 desta guía ben explicado como facer a "cualificación", continúa nela para ver os resultados dos cuestionarios, e outras actividades que teñas creadas nos temas do teu curso.

Entra na proba e na engranaxe escolle "resultados" ou ben directamente no no menú lateral "cualificacións", onde poderás ver os resultados de tódalas actividades avaliáveis que teñas no curso, incluída esta proba.

No primeiro caso verás só os resultados desta proba en concreto, no segundo verás tódolos resultados, e terás que escoller na lista a proba en concreto.

The screenshot shows the Moodle interface for 'Inicio Aula Virtual Ceip Plurilingüe Pedro A. Cerviño'. The user is logged in as 'Óscar Abilleira Muñiz'. The main content area is titled 'Probas de Óscar' and shows a 'proba' (test) page. The 'Cualificacións' (Grades) menu item in the left sidebar is circled in red. A dropdown menu is open, showing various options for managing the test, including 'Editar os axustes', 'Anulacións de grupo', 'Anulación de usuario', 'Editar a proba', 'Vista previa', 'Resultados', 'Cualificacións', 'Respostas', 'Estatísticas', 'Cualificación manual', 'Archive', 'Roles asignados localmente', 'Permisos', 'Comprobar permisos', 'Filtros', and 'Distribución de competencia'. A red arrow points to the 'Resultados' option. The main content area displays 'Método de cualificación: Cualificación máis alta' and a message 'Non se engadiron preguntas aínda' (No questions were added yet). There are buttons for 'Editar a proba' and 'Volver ao curso'. A search bar is visible at the bottom of the main content area.



# Importar e exportar o banco de preguntas

Como xa indicamos no seu momento, cada curso ten o seu propio banco de preguntas. Se queremos empregar as preguntas dispoñibles no banco de outro curso, deberemos:

1. Entramos no curso onde temos o banco de preguntas orixinal
2. Prememos na engranaxe e buscamos banco de preguntas > exportar
3. Escollemos calquera dos formatos (GIT por exemplo) e descargamos o ficheiro que nos cree.
4. Entramos no novo curso
5. Prememos na engranaxe e buscamos banco de preguntas > importar
6. Engadimos o arquivo que temos descargado
7. Iniciamos o proceso de importación.
8. Xa teremos as preguntas no banco do novo curso.



Inicio Aula Virtual Ceip Plurilingüe Pedro A. Cerviño

Oscar Abilleira Muñiz

oscar

Participantes

Insignias

Competencias

Cualificacións


Inicio

## Probas de Óscar

Inicio / Cursos / Profesorado (documentos de axuda) / Probas para formación / oscar / Tema 3 / proba

### proba

Método de cualificación: Cualificación máis alta



Inicio Aula Virtual Ceip Plurilingüe Pedro A. Cerviño

Oscar Abilleira Muñiz

oscar

Participantes

Insignias

Competencias

Cualificacións

Inicio

Taboleiro

Calendario

Ficheiros privados

Banco de contidos

Os meus cursos

esinomixto\_ei\_21\_22

19-20  
algo\_contar\_maio\_ei2

19-20 - reto-do-dia

## Probas de Oscar

Inicio / Cursos / Profesorado (documentos de axuda) / Probas para formación / oscar / Tema 3 / proba

### proba

Método de cualificación: Cualificación máis alta

Non se engadiron preguntas aínda

Editar a proba

Volver ao curso

TYURTY

Ir a...

- Anulacións de grupo
- Anulación de usuario
- Editar a proba
- Vista previa
- Resultados
  - Cualificacións
  - Respostas
  - Estatísticas
  - Cualificación manual
  - Archive
- Roles asignados localmente
- Permisos
- Comprobar permisos
- Filtros
- Distribución de competencia
- Rexistros
- Copia de seguridade
- Restaurar
- Banco de preguntas
  - Preguntas
  - Categorías
  - Importar
  - Exportar

Moodle Docs para esta páxina

Vostede accedeu como Oscar Abilleira Muñiz (Sair)

oscar

Resumen da retención de datos

Obter a apli móbil

# Engadir unha “escolla” (votación)

Permite amosar unha pregunta cunha serie de respostas, a modo de votación sen respostas correctas ou incorrectas.

- Escollemos a “escolla”
- Indicamos un nome e descrición (o que verá o alumno/a)
- Indicamos as diferentes opcións que queremos ofertar.
- Non hai respostas correctas ou incorrectas, é simplemente unha votación.

# Engadir un “foro”

Nun foro poden deixarse comentarios con respostas ós mesmos, quedando gardados para o futuro, á diferenza das conversas.

- Escollemos o “foro”
- Escribimos un nome
- Indicamos unha descrición (será o que vexa o alumno)
- Cada alumno/a ou mestres poderá iniciar “discusións”
- Cada alumno/a ou mestres poderá responder ás “discusións” propostas

# Engadir un “glosario”

Un glosario é un dicionario de definicións, no que o alumnado pode engadir palabras coa súa definición. Pode ir completándose co vocabulario que se desexe ó longo do tempo. Tamén se poden engadir imaxes ou outro tipo de arquivo descargable con cada termo e definición.

- Escollemos o “glosario”
- Escribe un nome (título do glosario)
- Escribe unha descrición (o que verá o alumno/a)
- Cada alumno/a pode engadir termos coa súa definición.
- Cada alumno/a pode modificar as definicións introducidas.
- Pode engadirse unha imaxe ou calquera outro tipo de arquivo a cada termo.

# Engadir un "paquete SCORM"

Un paquete SCORM é un conxunto de recursos deseñados para Moodle. Con esta opción poderemos "cargalo" desde outra aula virtual, por exemplo creados no EVA.

No EVA emprégase tamén para cargar o que se cree coa "ferramenta de autor", que e empaqueta como SCORM para logo poder engadilo nunha sección. Se ben a aula virtual das webs dos centros, aínda non teñen ferramenta de autor, podes instalar os "scorm" do proxectos feitos coa ferramenta de autor no EVA.

- Escollemos o "Scorm"
- Subimos o paquete SCORM ó tema que queiramos.
- Poderemos engadir calquera tipo de elemento que apareza empaquetado como "scorm".

# Engadir unha "tarefa"

Unha tarefa é unha actividade na cal se pide ó alumnado que entregue un traballo sobre un tema que se plantexe.

Este traballo pode pedirse que se entregue nun arquivo (por exemplo pdf), ou que o escriba directamente nunha caixa de texto.

- Escollemos "tarefa"
- Poñemos un nome, e unha descrición (que será o que vexa o alumno)
- Podemos establecer un prazo de entrega
- Tipos de entrega:
  1. En liña: escribe directamente
  2. En arquivo: pide que se suba un arquivo co traballo pedido.
- Entrando na "tarefa" como mestre/a, no apartado "ver e cualificar as entregas", podemos corrixir o que nos entregaron. Tamén poderemos atopalas, xunto con todo o que nos entregaron no apartado "cualificacións"


The image shows two screenshots of the Moodle task management interface. The top screenshot, titled "Tarefa d eproba", displays a "Resumo das cualificacións" (Summary of qualifications) section. It includes a table with the following data:

Participantes	1
Entregada	0
Necesita cualificación	0
Data límite	Xoves, 24 de Setembro do 2020, 00:00
Tempo restante	6 días 1 hora

Below the table are two buttons: "Ver/cualificar todas as entregas" and "Cualificación". A red arrow points from the "Tempo restante" row to the "Cualificación" button.

The bottom screenshot shows the "Tarefa d eproba" page with a list of submissions. The table has the following columns: "Seleccionar", "Imaxe do usuario", "Nome / Apellido", "Enderezo de correo", "Departamento", "Estado", "Cualificación", "Editar", "Última modificación (entrega)", and "Entregas de ficheiros". The first row shows a submission by "usuario falso" with the state "Sen entrega". A red arrow points to the "Cualificación" button in this row.


- Se nos entregaron un arquivo en “pdf” poderemos corrixilo directamente sobre o arquivo, que aparecerá e sobre o que é posible empregar as ferramentas de escritura da barras superior.




- Poderemos escribir comentarios con cada entrega, que o alumno/a recibirá. O alumno/a tamén pode deixar comentarios cando o entrega.
- Poderemos tamén poñer unha cualificación.
- O alumnado poderá ver os comentarios que lle fagamos á tarefa e descargar o pdf corrixido (coas anotacións feitas), entrando novamente na tarefa ou ben escollendo o apartado “cualificacións”

## Como devolver unha tarefa corrixida, pero que non estea pdf?

Se queremos “devolver” un arquivo como resposta, por exemplo, si enviou un documento en odt (lembra que nos pdf directamente xa o recibirá corrixido), deberemos escoller opción “tipo de comentarios” > “ficheiros de comentarios”.




Deste xeito cando corrixamos a tarefa poderemos devolverlle “calquera arquivo”, por exemplo, o que nos enviou pero corrixido. Teremos que subilo no apartado “ficheiros de comentarios”



# Engadir "xogos"

Existen unha serie de xogos que poden engadirse en cada sección.

- Escollemos o xogo que queiramos e seguimos as instrucións de cada un deles.






# BIG BLUE BUTTON

Engade unha sala de vídeo-conferencia dentro dun tema, o traballo con ela será e mesmo que con calquera outra actividade da aula virtual.

- Atoparémolo no apartado "actividades" (engadir actividade ou recurso > actividades)



- Crearemos deste xeito unha sala de vídeo conferencia (poderemos crear tantas como queiramos engadindo novas actividades bigbluebutton)
- O alumnado accederá directamente cos seus datos de acceso á aula virtual, así que non terá que instalar ningunha aplicación nin darse de alta, **unicamente terá que premer un botón sen saír da aula virtual.**
- Se o curso ten acceso como convidado todo o mundo poderá acceder premendo ese botón, se ben aparecerá como "usuario anónimo ou non identificado"
- Se o curso ten acceso por usuarios e contrasinal para cada estudante, en canto acceda cos seus datos será identificado como tal no sala de vídeo-conferencias.
- Como organizador (mestre/a), poderemos planificar a reunión para que comece e/ou finalice nunha data e hora concreta, ou ben que estea sempre dispoñible.
- Como organizador poderemos decidir se os participantes poden entrar se non está o mestre ou teñen que agardar a que entre (opción que ven por defecto)
- Poderemos indicar se se permite a gravación ou non da reunión (no por parte do organizador)

- Todas estas opcións son xestionadas dentro da propia actividade bigbluebutton, como se faría con calquera outra actividade (activar edición > editar configuración). Podendo restrinxir accesos, ocultar... tal como o faríamos para calquera outra actividade ou recurso.

Escollemos o tipo de reunión, poñémoslle un título (nome da aula virtual) e indicamos unha mensaxe de benvida (opcional) e se queremos que agarden polo moderador (o mestre que a creou ou a quen el designe).

**Engadindo un novo BigBlueButtonBN a Tema 2** Expandir todo

Tipo de instancia ? Sala/actividade con gravacións

▼ Axustes xerais

Nome da aula virtual \*

Enviar unha notificación ?

[Amosar máis...](#)

▼ Axustes de actividade/sección

Mensaxe de benvida ?

Agardar polo moderador ?

Límite de usuarios ?

Indicamos quen poderá participar, por defecto aparecerán todos os usuarios matriculados no curso (Se o curso ten acceso como convidado non será necesario). Poderemos indicar se algún dos participantes pode ser moderador (ademais do creador), por exemplo outro dos mestres do curso.

▼ Participantes

Engadir un participante Todos os usuarios matriculados ..... Engadir

Lista de participantes

Todos os usuarios matriculados		como	Espectador	✕
Usuario:	Óscar Abilleira Muñiz	como	Moderador	✕

▼ Programa da sesión

Acceso aberto 24 Abril 2021 10 40 Activar

Acceso pechado 24 Abril 2021 10 40 Activar

► Configuración común do módulo

► Restrxinir acceso

Indicaremos tamén se queremos programala nun día e hora.